

POESIA E POLÍTICA: UNHA PERGUNTA SOBRE O AUTOR DE "COUSAS"

Por RAFAEL DIESTE

Era eu mozo daquela, inda que ceibe xa de obrigas militares, e traballaba nun xornal de Vigo... No intre, entón, de faguer —en cinguido artigo— o meu homaxe ao libro "Cousas", de Castelao, que aparecera coma un sol por aqueles días, tiven o honor (así o sinto hoxe) de sinalar a beleza exemplar da fala escrita do autor, e en termos, ademáis, que non perderon actualidade, quero dicir, vixencia crítica. "Escrito por íl —díse alí moi sucintamente— o galego é unha lingua viva e, ao mesmo tempo, disciplinada. Sen moitos artifizos de sintaisís, mais con boa e rigoroso sintaisís galega". (E non somente a que rexistran as gramáticas, senón tamén a que de cote fai frolecer o pobo nas súas millores improvisacións, aquelas en que se sinte o celme da *convivida* tradición). "A verba é sempre xusta i a frase ben endereitada. Lembranzas e pensamentos, quizáis despóis de moitas voltas que o lector non presencia, veñen a se encaixar, como o pelouro da ruleta, no estuche da frase única. Todo niste libro está ben dito, coísa puntería dos mestres do apotegma e dos bós dialoguistas".

Sen me deter máis, agora, no campo da Estilística, farei aínda outra cita daquíl mesmo artigo, encamiñada xa ao que axiña diréi... "Si Castelao quixera chamar ás súas *cousas* poemas en prosa, estarían moi ben nomeadas". Deseguida o autor do comentario deixa paso ao seu propio lirismo, con certa economía de palabras, mais todas quentes, entusiastas, pra eisaltar os valores poéticos do fermoso libro. Somente unha pequena mostra: "Unha tristura serea, sombra de piñeiro soedoso baixo enfariñado luar,

alóngase na ialma cando finan as verbas derradeiras". Coísto abonda pra caraiterizar o artigo, a un tempo ergueito e inxel, que entón xurdiu do meu sentir como pregón de "Cousas". Tanto do libro como da súa exemplaridade, do que nil (inda que non adrede) val como consello.

Pois ben: non foi aquela a única oportunidade en que me referín a Castelao *como poeta*, mais somente agora me decato disa tendencia miña a velo e a sentilo así. Aínda que digo "miña", presúmoa amplexamente compartida. Val, pois, a pena de-terse un pouco nela.

Luís Seoane (en "Castelao artista") ten o especial acerto, antre outros moitos, de celebralo como acuñador do xuicio popular —enténdase galego—, principalmente no caso do xornalismo gráfico, viva unidade, en Castelao, de dibuxo e lénda; Ramón Piñeiro (n.º 12 de "Grial"), descobre nil, moi agudamente, ao moralista; outros —e iles mesmos tamén, no senso máis xustificado e escrarecido— veno como guieiro (mais polo exemplo, conviría engadir, que por ningunha cras de preceitiva); algúns como "símbolo", sen que se poida saber concretamente o que queren dicir. Aténdome agora aos calificativos millor fundados, topo que ningún diles contradí a miña visión —volvo a dicir que a supoño compartida—, e que ista, en troques, pode axudar a darlles o toque de singularidade que convén a unha semblanza, xa que non perfeita (non hai Plutarco que a deseñe), *orientadora*. Mais non quixera un consentimento por demáis apurado. O que quero dicir require aínda algúns pasos.

Veleiquí unha pregunta que me axudará a abrevialos. ¿De qué maneira o Castelao *político* pode ser —entrañadamente, non por aicidente— o autor de "Cousas"?

Xurden eiquí moitas respostas que, aínda concordando con feitos, rexistro de talentos, tempos, situacións, non *sintonizan* co espírito da pregunta.

Eu estou vendo ou albiscando, dende o comenzo, esta resposta, que primeiro diréi e despois, até onde poida, espricaréi:

O castelao político pode ser o autor de "Cousas" —exemplo nidio de fonda e libre poesía— porque ise Político, ao marxen das pequenas falas, compromisos, enredos, é, sigue sendo, Castelao poeta.

Ninguén topará dificultade en recoñecer que o Castelao humorista, o satírico —e coil o moralista—, o intérprete do pobo

(gráficamente tanto como nos ditos da súa longa galería de figuras galegas), o doente, trágico honorador dos mártires, o pintor que ve sempre na paisaxe algo máis, moito máis do que se ve... son sempre o Castelao poeta. En chegando á política empezan as vacilacións. Certamente, hai, houbo sempre, o poeta civil; e tamén, como agora se dí, o "contestatario"... Pro iso non abonda pra nos conformar, non sendo no terreo (que non é agora o noso) das xeneralidades, das catalogacións. A palabra Política, posta eiquí no cimo que lle corresponde, acena a máis largacíos — en certo senso máis "comprometidos"— horizontes.

E ben, a Política que pula manifestamente por se abrir camiño na obra de Castelao e, tomado en conxunto, no seu comportamento, deita das mesmas fontes que a súa Poética.

Pódense, por exemplo, discutir ou clarexar ou poñer ao día, ditos, pasaxes ou capíduos de "Sempre en Galiza"; mais o autor diste libro sigue sendo —no seu espírito, amor e distincións— o mesmo que nos seus contos e lembranzas se nos aparece como poeta. Dahí, que é tanto como dicir do ser galego —tal como soubo il sentilo e comunicalo—, veñen as súas previsións *políticas* no tocante ao porvir da nosa terra.

Lembrándose de "Cousas" e do mundo galego que alí tan viva e fondamente espella, quizáis haxa quen diga: Iso pasóu...

O que o dí é mal ouservador, ou ten pra a súa ouservación un campo moi estreito, que deixa ao marxe, como simple vestixo do pasado, todo o que non casa ben coa súa probe idea da modernidade. Pro, ademáis, ao dicir "pasóu" pensa no aicidental dos costumes i as modas —sen distinguilas entón máis que polo encalmado ou fuxideiro da súa vixenza. Pensan samente niso, non no máis entornado i esencial que o Castelao poeta vai descubrindo no fonder estremecido do recordo ou do que ten diante dos ollos.

¿Quén podería negar a Castelao a ousesión da inxusticia, o anxeo de prosperidade, de ordeación xurídica —tan xusta e natural que no se sinta como enliado reglamento e viveiro de pleitos— e todo o que pode ser ouxeto de preocupación pra xuristas, economistas, sociólogos, etc.? Con todos conta... O que lle inqueda é o temor de que a empresa galega se esfrangulle por falla de atención ao que lle pode dar verdadeira integridade, que é Galicia mesma, co seu ser propio (propio non quer dicir pechado) i as súas longas, infindas perspeitivas.

Mais entendámonos. Non se pretende, nono pretende Castelao, escomenzar, a maneira de premisa, por definir o noso pobo. É cousa certamente ván querer definir un pobo, cinguir a súa tradición —viva, tensa, arelante— e o que dela raiola, en termos de “definición”. Sempre o lúcido amor e a concencia poética van moito máis alá, sen poñer cinto a ise alén, a ise máis alá.

Naquel mesmo artigo sobre “Cousas” que lembréi ao comenzo, aínda nos dí, por sorte, o seu autor: “Hai niste pequeno volume, breviario pra ler máis dunha vez, algo que impón silencio como unha noite estrelecida, chea de adiviñanzas e de señas distantes”.

Xunto á máis inmediata, urxente demanda de xusticia, e en forte compenetración con ela, hai que ver sempre en Castelao isas “señas distantes”.

Mais a íl móveno, pídenlle previsións, téñeno alerte, indicanlle camiños... E velaí polo que eu digo que a súa Política, ou o máis nidio, permanente e raiolante dela, recibe alento e fundamento da súa Poesía.